

# Consideracións xerais sobre as construcións «oír + infinitivo» e «oír + cláusula conxuntiva» a partir dunha mostra do *Corpus de Referencia do Galego Actual*

## *General Considerations on the Constructions «oír + infinitive» and «oír + that Clause» from a CORGA Sample*

NOELIA ESTÉVEZ-RIONEGRO

Universidade de Santiago de Compostela  
noelia.rionegro@usc.es

Recibido: marzo 2022. Aceptado: abril 2022

**Abstract:** From the analysis of syntax configuration types that shows the verb *oír* as predicate of noun clause in the current Galician language (*oír* + infinitive clause and *oír* + conjunctive clause), it is determined the frequency of use of each of them and it is established their syntax and semantics characteristics, as well as the relation that exists between the types of construction and the semantic value of its constituents. The empirical support used is a sample of eighty-two examples removed from the *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), whose quantitative and qualitative study allows suggest some hypothesis about the type of construction more usual in the speech and the syntax, semantic and pragmatic factors that condition its structure.

**Keywords:** constructions with *oír*, noun clauses, perception verbs, current Galician language, CORGA.

**Resumo:** A partir da análise dos tipos de configuración sintáctica que presenta o verbo *oír* como predicado rexente de cláusula completiva na lingua galega actual (*oír* + cláusula de infinitivo e *oír* + cláusula conxuntiva), determínase a súa frecuencia de uso e trátase de establecer as características sintáctico-semánticas de cada unha delas, así como a relación que existe entre o tipo de construción e o valor dos seus constituíntes. A base empírica empregada é unha mostra de oitenta e dous exemplos tirados do *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), cuxo estudio cuantitativo e cualitativo permite bosquexar algunhas hipóteses sobre o tipo de construción máis habitual no discurso dos falantes e os factores sintácticos, semánticos e mesmo pragmáticos que condicionan a súa estrutura.

**Palabras chave:** construcións con *oír*, cláusula completiva, verbos de percepción, galego actual, CORGA.

## I.- INTRODUCCIÓN

O verbo *oír*, como predicado rexente dun enunciado composto, presenta dous posibles tipos de configuración sintáctica: «*oír* + cláusula de infinitivo» (*Oín dicir que Ánxela andaba moi desmellorada*) e «*oír* + cláusula conxuntiva» (*Oín na casa que os ósos de santo estaban gardados nunha arca pequena*).

Resulta interesante analizar, na lingua real contemporánea, as características semántico-sintácticas propias de cada construción, así como a relación que se establece entre estas e os seus constituíntes, ademais da frecuencia de uso de cada unha delas no discurso dos falantes. Con este obxectivo, levouse a cabo unha análise cuantitativa e cualitativa a partir dunha mostra de exemplos cuxo resultado permite achegar algúns datos porcentuais, así como adiantar certas hipóteses arredor dos factores sintácticos, semánticos e pragmáticos que caracterizan cada tipo de construción ou que condicionan a súa estrutura (canto ao tipo de constituíntes que a conforman).

A base empírica na que se fundamenta o estudo está composta por unha mostra de oitenta e dous enunciados extraídos do *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), un corpus documental desenvolvido no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades que contén diferentes tipos de textos (orais e escritos) representativos da lingua galega actual (dende 1975 ata a actualidade).

A nivel teórico, tómase como punto de partida a propia semántica do verbo e a súa estrutura argumental. A forma *oír* inclúese nas clasificacións verbais (*vid.* ADESSE) dentro dos verbos de percepción indirecta, que se inscriben, á súa vez, na macroclase de predicados de «proceso mental». Por tanto, os papeis temáticos que semanticamente exixen as construcións rexidas por tales formas son os de «experimentador» (o que percibe) e «fenómeno experimentado» (a cousa percibida). En palabras de Rodríguez (2001: 46), baseadas en gran medida no estudo de Halliday (1985), trátase de verbos que «nocionalmente, establecen un vínculo entre un ser consciente, al que frecuentemente se califica de “experimentador” y un “fenómeno experimentado”». Deste xeito, a construción sintáctica máis frecuente que presentan estes predicados é a que mantén o esquema transitivo en diátese activa SUX-PRED-OD.

Así, o presente traballo céntrase na análise das construcións que, seguindo ese esquema, presentan como obxecto directo unha cláusula conxuntiva ou de infinitivo. Trátase de construcións que, como sinala Cano (1981) teñen unha lectura eventiva, en tanto que indican eventos, accións ou procesos. O estudo contrastivo de ambos tipos de construción non só permite determinar os trazos sintácticos particulares de cada unha senón tamén establecer algúns criterios que expliquen a diferente configuración dos enunciados en función da clase de cláusula que introduza o elemento rexente, neste caso o predicado *oír*.

## II.- AS CONSTRUCIÓNS DE OÍR + CLÁUSULA DE INFINITIVO

A mostra manexada contén 62 secuencias deste tipo de construción, polo que a súa presenza é maior que a da cláusula conxuntiva.

Dado que semanticamente *oír* indica o acto de percibir un son, o infinitivo introducido por este predicado fai referencia a dita acción. Así, na gran maioría dos casos analizados, o verbo da cláusula de infinitivo pertence á clase dos predicados de comunicación (*dicir, falar, pronunciar, contar, pedir, narrar, expresarse, cantar, barafustar, esbardallar, berrar*), sendo os verbos *falar* e *dicir*, *verba dicendi* por excelencia, os máis repetidos, como amosa a seguinte táboa.

VERBO	OCORRENCIAS	PORCENTAXE
Falar	28	45,2%
Dicir	14	22,5%
Outros <i>verba dicendi</i>	11	17,8%
Outros verbos	9	14,5%

Servan como ilustración os seguintes exemplos:

- (1) Non lle oín dicir nada en contra de que o mandasen de escolta cos topógrafos.
- (2) Eu vin que os rapaces falaban en castelán con el, aínda que na rúa sempre lles oíra falar galego.

Como se anticipou, o verbo *oír* require semanticamente a presenza dun elemento que exprese a cousa ou o fenómeno que se percibe. Ao seren expresado a través dunha cláusula de infinitivo, o seu predicado ten que designar unha acción que poida ser percibida auditivamente por un suxeito humano. De entre estas accións, a máis reiterada nas construcións analizadas é a que remite a un acto de fala, é dicir, a que se expresa a través dun predicado de comunicación verbal. Trátase, efectivamente, de casos nos que o evento percibido é de natureza lingüística, xa que o predicado de percepción auditiva combinado cun *verbum dicendi* remite á percepción do contido dun acto de fala por un individuo. Esta posibilidade parece restrinxirse unicamente ao verbo *oír*, tanto cando se combina con cláusulas de infinitivo como cando o fai con cláusulas flexionadas, xa que ambas denotan actos de fala (Rodríguez 2001: 60):

- (3) Oín decir que a Ánxela andaba moi desmellorada nos derradeiros tempos.
- (4) *Están pasando cousas terribles, Ramón, oín que lle dicía*, entre saloucos, ao meu pai.

O feito de que estes verbos designen actos de fala condiciona a estrutura sintáctica da cláusula de infinitivo, xa que o contido dese acto comunicativo exprésase a través dun elemento que acompaña ao predicado, funcionando habitualmente como o seu OD. Porén, a forma deste obxecto varía duns casos a outros, e existen dúas posibilidades: ben que o verbo de fala se combine cunha cláusula completiva (5) ou ben, cun sintagma nominal (6):

- (5) Eu non oín dicir que o matara.
- (6) Tamén lle oín contar moitas cousas da época que estivo no servicio militar, no Ferrol, alá polo ano trece.

A mostra do corpus analizada contén vinte e unha secuencias nas que a cláusula de infinitivo se constrúe con verbo transitivo e OD e, entre elas, hai nove que presentan un OD expresado a través dunha CCOMP, coma no caso de (5). Trátase dun uso moi habitual en construcións que apuntan a un acto de fala, pois son claros casos de secuencias en estilo indirecto, onde un enunciado emitido por un falante anterior está gramaticalmente incorporado ao doutro posterior; noutras palabras, un falante incorpora ao seu enunciado a reprodución (exacta ou non) dunha secuencia emitida por outro nunha situación comunicativa anterior, sendo esta subordinada, a través dun relator, ao predicado da oración principal. Trátase de casos do tipo:

- (7) Oín dicir que xa hai quen está disposto a acudir a ese chamamento.

De acordo coa mostra analizada, é máis frecuente a non especificación do axente do verbo de comunicación (que tería que funcionar á súa vez como obxecto indirecto de *oír*) nos casos nos que este introduce unha completiva mediante unha secuencia de estilo indirecto, de xeito que se resta importancia á fonte da información que o falante reproduce a prol da mensaxe en si propia. Só existe un caso que contradiga esta norma xeral, no que non só aparece a forma de dativo senón tamén a súa reduplicación:

- (8) Nunca lle oírás a alguén dicir en San Lázaro que non loitades ou non corredes.

Como podemos observar, o verbo principal está precedido polo clítico de dativo e seguido da súa forma plena, de maneira que o OI de *oír* é o que contén o axente de *dicir*, polo que o suxeito da cláusula de infinitivo subordinada se recupera do OI do verbo da oración principal.

O feito de que neste caso si se explicita o axente do acto de fala pode deberse a un sentido determinado que o falante desexa darlle ás súas palabras. Analizando máis detidamente o enunciado, pódense atopar trazos semánticos e de intencionalidade do emisor que nos aproximan a unha posible explicación do fenómeno: a polaridade negativa da construción sinala un feito que non foi levado a cabo, de xeito que o dativo indica un axente potencial, pero non real, pois a acción que se menciona non foi executada. Neste sentido non habería ningunha diferenza semántica entre:

- a) Nunca lle oírás a alguén dicir en San Lázaro que non loitades ou non corredes.
- b) Nunca oirás dicir en San Lázaro que non loitades ou non corredes.

Parece adecuado, polo tanto, interpretar a expresión do axente dende un punto de vista máis ben estilístico, co que se pretende resaltar a idea de que o acto de fala non é levado a cabo, efecto que se consegue co emprego dun adverbio temporal de negación, que serve para negar non só o contido da predicación primaria senón tamén ao axente da predicación secundaria.

No tocante aos casos nos que o obxecto directo do infinitivo non se expresa a través dunha CCOMP, adoita facelo mediante un substantivo ou un sintagma nominal, agás nunha das doce secuencias deste tipo rexistradas na mostra do corpus, que presenta o OD codificado nun clítico de acusativo (o pronome *o*) e precedendo non só á cláusula de infinitivo na que funciona, senón tamén ao predicado da oración principal:

(9) Si, xa o oín decir.

Ademais de secuencias en función de OD, os verbos de comunicación están especializados en introducir enunciados de estilo directo, é dicir, reproducións literais das palabras pronunciadas por un emisor nun momento enunciativo anterior. Seis son os exemplos deste tipo que aparecen na mostra analizada. Serva como mostra o que segue:

(10) -*Seica é un dos máis sonados gaiteiros das Terras Outas*, óese dicir a un home de roupas escuras e que fuma en cachimba.

Nestes casos non se pode atribuír unha función sintáctica á secuencia en estilo directo, xa que este opera nun nivel superior ao da cláusula, no nivel do discurso. O que o diferencia do estilo indirecto é que, neste, existe unha maior gramaticalización, pola que un discurso está completamente incluído ou trabado no outro, o que non ocorre no estilo directo onde existen dous discursos integrados nunha mesma secuencia mantendo a distinción dos enunciados, é dicir, o feito de que seren dous, como na súa orixe, xa que gardan os seus interlocutores e o seu propio sistema deféctico. Así, produciríase unha mera ligazón entre secuencias que pertencen a planos diferentes, fenómeno que, seguindo a terminoloxía de Fuentes (1998: 149) (baseada en gran medida nos estudos de Quirk (1972) e Partee (1973) para a gramática do inglés), se denominará «integración discursiva». Considérase, polo tanto, que o estilo directo constitúe un tipo de construción especial, que presenta unha estrutura propia e que non é equiparable a ningunha outra relación sintáctica; trátase dunha clase de construción que transcende á propia sintaxe, operando ao nivel do discurso, da macroestrutura (Estévez-Rionegro 2017).

Cabe sinalar que, nos exemplos atopados no corpus de estilo directo, só en dous aparece o OÍ de *oír* que sinala ademais ao axente do acto de fala que expresa o infinitivo e a quen pertencen as verbas reproducidas:

(11) -*Seica é un dos máis sonados gaiteiros das Terras Outas*, óese dicir a un home de roupas escuras e que fuma en cachimba.

Porén, as posibilidades de configuración sintáctica da cláusula de infinitivo vistas ata agora non son as únicas que poden presentar estas secuencias, xa que algúns verbos dos chamados *dicendi* rexen, como segundo actante, un obxecto preposicional. Polo tanto, non é estraño que se rexistren 21 enunciados co esquema «*oír* + infinitivo + OP do infinitivo», correspondendo todos eles á forma *falar*, coa lectura biactancial *alguén fala de/sobre algo/alguén*:

(12) ¿Oíches falar na túa aldea, algunha vez, *de Leibowitz ou de Schönberg*?

(13) Oín falar a dona Clara *sobre o seu fillo*.

Dos 21 casos deste tipo, tan só en dous se expresa o obxecto indirecto do verbo rexente, *oír*, que permite recuperar o suxeito axentivo do infinitivo: un preséntase na súa forma plena tralo verbo principal e o infinitivo (14), mentres que o outro, aínda que presenta ese mesmo esquema, contén un clítico de dativo preverbal, o que constitúe unha reduplicación do OI (15):

(14) Oín falar *a dona Clara* sobre o seu fillo.

(15) Daniel sempre *lle* oíra falar daquel personaxe *ó seu pai*.

De xeito illado atopamos tamén algún caso no que na cláusula de infinitivo aparece un predicativo. Observemos o seguinte enunciado:

(16) Nunca el *lle* oíra expresarse *de tal maneira*.

O clítico de dativo, OI do predicado da oración principal, sinala o axente do verbo da predicación secundaria, *expresarse*, de xeito que o suxeito da cláusula de infinitivo se retoma do antedito OI. Así, o sintagma preposicional *de tal maneira* funciona como predicativo do suxeito de *expresarse*.

A continuación, ofrécese un cadro resumo dos datos referidos á porcentaxe de exemplos de cada clase, que é indicativa da frecuencia de uso de cada posibilidade de configuración da cláusula de infinitivo introducida por *oír*:

ESTRUCTURA		OCORRENCIAS	PORCENTAXE
Infinitivo + OD	CCOMP	9	14,5%
	Subst., SN, pron.	12	19,3%
Infinitivo + ED		6	9,7%
Infinitivo + OP		21	33,9%
Infinitivo + PVO		1	1,61%
Resto		13	21%

No entanto, a construción «*oír* + cláusula de infinitivo en función de OD», non é a única que se acha na mostra, senón que existe un caso excepcional no que a cláusula de infinitivo é o suxeito do verbo principal:

(17) [...] óese un policía pedir: «[...]»

Trátase dunha pasiva reflexa, que esixe a presenza dun argumento en función de suxeito, o cal concorda co verbo en terceira persoa. Así, a cláusula *un policía pedir:»[...]*, é o suxeito da forma *óese* (*Óese un policía pedir* → *Óese unha cousa / óense unhas cousas* → *Óese iso*). Dentro da cláusula de infinitivo, a estrutura que esta presenta é a de infinitivo seguido de estilo directo e precedido do axente da acción verbal *un policía*, e suxeito de tal predicado. O feito de que nestes casos a cláusula da predicación secundaria sexa o suxeito do verbo rexente débese ao emprego da forma verbal de pasiva reflexa, a cal propicia unha configuración sintáctica deste tipo.

Ao longo deste traballo mencionouse en varias ocasións, a presenza, nalgúns casos, do obxecto indirecto de *oír* nestas construcións. A seguir, atende-ráse máis detidamente ás diferentes posibilidades de codificación que presenta, segundo os exemplos da mostra manexada.

Das sesenta e dúas secuencias que seguen o patrón «*oír* + cláusula de infinitivo», dezaseis conteñen un dativo explícito do verbo principal. Este, ademais, é o suxeito referencial do infinitivo, axente da acción predicada. Así, en *Seino porque lle oín a ela narrar a súa confesión* o obxecto indirecto (*a ela*) apunta ao axente (*ela*) do proceso expresado na predicación secundaria (*narrar*).

Entre os dezaseis enunciados con OI, seis casos corresponden aos modos de estruturación sintáctica da cláusula de infinitivo vistos ata agora. A relación de enunciados de cada clase é a seguinte (*vid. supra.* os exemplos correspondentes):

- *Oír* + CL (Infinitivo + OD [CCOMP]): un caso de reduplicación do OI (clítico de dativo e forma plena).
- *Oír* + CL (Infinitivo + ED): dous casos do OI na súa forma plena.
- *Oír* + CL (Infinitivo + OP): un caso de OI en forma plena e outro de reduplicación (clítico de dativo e forma plena).
- *Oír* + CL (Infinitivo + PVO): un caso de OI a través dun clítico de dativo. O PVO refírese ao axente do infinitivo, expresado mediante o obxecto indirecto do verbo rexente.

Pola contra, os dez casos restantes responden a unha configuración distinta ás sinaladas. Porén, este traballo non se deterá na análise de cada unha delas, senón que se atenderá a todos os casos (os dezaseis enunciados con OI) conxuntamente, determinando a posición máis habitual que presenta o OI nas secuencias en que se insire.

Tras a análise dos exemplos da mostra do corpus, pódese concluír que existen tres posibilidades de expresión do OI e que a frecuencia de uso dunhas e outras é similar. Así, hai seis casos nos que se expresa mediante un clítico de dativo preverbal (18), catro que presentan un OI reduplicado a través dun clítico preverbal e a forma plena entre o principal e o infinitivo (19) e outros seis que conteñen unicamente a forma plena en posición postverbal (20), agás un, no que é preverbal, posiblemente por cuestións de estilo do discurso (*Recordo [...] dous gatos e mais un canario nunha gaiola, pero que debía ser femia pois ó tal nunca oín cantar*):

- (18) E estas foron as últimas palabras que eu *lle* oín pronunciar.
- (19) Aínda *lle* oín recentemente *ó profesor Emilio González López* contar feitos acaecidos durante os debates do Estatuto Galego.
- (20) Oín falar *a alguén*.

No entanto, a presenza dun OI ou axente explícito do infinitivo non é o máis frecuente nestas construcións, xa que só nun 25,8% dos casos se expresa o dativo. Deste xeito, a súa omisión supón que o fenómeno percibido poida atri-



buírse a calquera entidade ou ben a unha entidade descoñecida polo perceptor, de maneira que o enunciado adquire un sentido xenérico:

- (21) Sempre oíra dicir «xente do Pereiro», cando se quería significar a índole ruín ou trapalleira de alguén.

Esta é unha das principais características das construcións de «oír + infinitivo que designa un acto de comunicación» (Rodríguez 2001: 72).

### III.- AS CONSTRUCIÓNS DE OÍR + CLÁUSULA CONXUNTIVA

As construcións nas que *oír* introduce unha cláusula conxuntiva son menos usuais que as anteriores, e constitúen un 24,4% da mostra analizada.

Coma nos casos vistos con anterioridade, tamén nestas secuencias o verbo *oír* selecciona unha predicación secundaria que a miúdo se adscribe a un acto de fala. Deste xeito, o verbo da cláusula conxuntiva soe pertencer á clase dos *verba dicendi*, de xeito que remite á percepción auditiva dun evento comunicativo (*oín que alguén dicía, comentaba...*). Así, sete enunciados presentan ese esquema de *oír que* + predicado de comunicación verbal, coa seguinte distribución: tres casos co verbo *dicir*, dous con *chamar*, un con *falar* e outro con *berrar*. Trátase de secuencias do tipo:

- (22) *Recolle a tea*, oín que berraban.

- (23) Oín que Adela me chamaba desde o patio.

Porén, o verbo *oír* pode referirse tamén á percepción dun ruído ou son non verbal, mais a frecuencia de uso destas secuencias é moi inferior ás anteriores; de feito, só se atopa un exemplo no corpus que ilustre esta posibilidade:

- (24) Oín que daba un paso.

En canto ás doce secuencias restantes, constitúen un caso especial de omisión do verbo que remite ao evento percibido. Trátase de construcións como as que seguen:

- (25) Eu oín que poden quedar preñados.

- (26) Oíra na casa que os ósos do santo estaban gardados nunha arca pequena sobre o altar.

Nestes enunciados a expresión do acto de fala non está presente lexicamente, pero si latente na construción. Ocorre que o contido de dicción está implícito en tanto que o verbo, *oír*, activa un cadro ou *frame* (no sentido de Minsky)<sup>1</sup>: o da comunicación verbal, no cal que un «oía» implica que outro «diga» ou «fale». Ademais, a cláusula conxuntiva sinala dito acto de fala, pois non é máis

<sup>1</sup> A propósito desta teoría da gramática do inglés actual, pódese consultar o recurso web <http://www.framenet.net>



cá reprodución dun enunciado en estilo indirecto (secuencia comunicativa en si mesma).

Pola contra, cando se reproduce un enunciado en estilo directo, o verbo de fala que o introduce si se explicita, como se pode comprobar nos catro exemplos rexistrados no corpus (dous con *dicir*, un con *berrar* e outro con *falar*). Sirva, a modo ilustrativo, a secuencia que segue:

(27) *Velaí a que armou o neno oferente de Tui*, oín que falaba ó pronto e abeirado.

A seguir amósase un cadro coas porcentaxes correspondentes ao emprego de cada clase verbal:

PREDICADO SECUNDARIO	OCORRENCIAS	PORCENTAXE
Verbo de comunicación verbal	7	35%
Verbo de fenómeno audible non verbal	1	5%
Latencia dunha forma de dicción ausente	12	60%

En canto á estrutura sintáctica destas construcións, pártese de que a función que a cláusula conxuntiva realiza na oración principal é sempre a de OD de *oír*. O suxeito do predicado principal é alleo ao do verbo da predicación secundaria, que pode omitirse ou explicitarse, pero que, en ningún caso, segue o modelo dos suxeitos de infinitivo, é dicir, non se recuperan doutro elemento da cláusula principal:

(28) *Eu oín que mamá dicía: «[...]»*

(29) *Eu oín que os que nacen coma min son* vedoiros e ventan a morte.

Porén, nos casos nos que o contido verbal está implícito e a forma de dicción correspondente, sobrentendida, o OI do verbo principal, ou sexa *oír*, sinala (como nas cláusulas de infinitivo) ao axente do acto de fala expresado polo verbo omitido. Son dous os exemplos cos que conta a mostra do corpus para apoiar esta teoría:

(30) Aínda non hai moito tempo que lle oín ó político catalán Miquel Roca (*dicir*) que tal circunstancia debía significar unha simplificación da administración estatal.

(31) Tamén oíra ó señor abade, no Evanxeo do Domingo de Ramos, (*dicir*) que o Mesías entrou en Xerusalem, «xusto e salvador, humilde, montado nun asno, nun burro fillo de asna».

Trátase dos únicos casos, dos vinte que se están a analizar, nos que o predicado principal se combina cun obxecto indirecto. Ademais, o feito de que nin sequera nas construcións nas que o verbo de fala se sobrentende sexa usual a especificación do seu axente, e polo tanto do OI de *oír*, explícase do mesmo

xeito que os exemplos da clase do de (20): son enunciados cun sentido xenérico nos que non interesa especificar a entidade axentiva (*vid. supra*).

#### IV.- CONCLUSIONES

Tras a análise e clasificación dos exemplos que compoñen a mostra manexada, queda demostrado que o emprego da cláusula de infinitivo como obxecto directo do verbo *oír* é o maioritario, en oposición á cláusula conxuntiva, cuxo uso é moito menor. Como se aprecia na gráfica, fronte a un 75,6% de casos que presentan o esquema «*oír* + cláusula de infinitivo», tan só un 24,4% corresponde a «*oír* + cláusula conxuntiva».

#### Distribución da frecuencia

■ *Oír* + cláusula de infinitivo ■ *Oír* + cláusula conxuntiva



Á vista de todo o anteriormente exposto, pódese concluír que, segundo a mostra de exemplos empregada como base empírica, son moito máis frecuentes na lingua as secuencias nas que *oír* selecciona unha cláusula de infinitivo como obxecto directo co papel temático de «fenómeno percibido». Pero, ademais, parece quedar demostrado que, na gran maioría dos casos, o infinitivo pertence á clase dos verbos de dicción, remitindo, polo tanto, a un acto de fala. Esta é a principal característica que estes enunciados comparten coas construcións nas que o verbo de percepción rexe unha cláusula conxuntiva, pois tamén nestes casos son case exclusivas as secuencias que indican un evento comunicativo (ben expresado mediante un verbo de fala, ou ben a través do significado implícito da construción propia). En canto á presenza ou ausencia do obxecto indirecto, que sinala ao axente do acto de dicción, é máis frecuente a non especificación do mesmo, o que lle outorga ao enunciado un carácter xenérico, que non apunta a un suxeito concreto.

Polo que respecta á estrutura de cada unha das construcións con *oír*, esta presenta variacións dunha con respecto á outra, especialmente na ubicación dos

elementos que as conforman: no caso de «*oír* + cláusula de infinitivo» hai complementos da oración principal que funcionan potencialmente tamén na oración secundaria, mentres que nas secuencias con «*oír* + cláusula conxuntiva» as oracións principal e subordinada non comparten ningún complemento, e a orde das unidades é máis ríxida e gramaticalizada.

En calquera caso, como xa se apuntou, son as cláusulas de infinitivo as que predominan, con moito, nas construcións con *oír*. En xeral, os falantes optan por expresar o evento percibido auditivamente a través dun obxecto directo en forma de cláusula de infinitivo, sendo moi inferiormente empregada a cláusula flexionada. Isto propicia a xénese de estruturas nominalizadas que moi probablemente teñan a súa orixe nas anteriores. Trátase de oracións do tipo das que seguen:

- (32) Lonxe, óese *o ladrar dun can*.
- (33) Óese o canto do galo e *o ladrar dos cans*.
- (34) Toda a noite oín *o rodar rouco do océano*.
- (35) Oín *o troupelexar dos matalotes correndo tras el e o rasgar das teas*.

Nestes casos o predicado de percepción non selecciona un infinitivo que indique un evento percibido, senón que introduce unha unidade frástica con valor substantivo, na que a forma de infinitivo está nominalizada a través do artigo determinado *o*. Por esa causa, a construción deixa de ter un carácter eventivo ou procesual e adquire unha lectura resultativa (non é a unha acción ao que se remite, senón ao resultado da mesma). No entanto, ese resultado non deixa de ser produto dun evento, pois deriva da acción designada polo verbo; ademais, o sintagma preposicional que modifica á nominalización contén a expresión do axente que propicia a acción.

Nese sentido parece oportuno considerar que este tipo de construcións deriva das cláusulas de infinitivo rexidas ou, alomenos, está estreitamente relacionado con elas. Porén, sería preciso investigar máis neste terreo para poder constatar oportunamente estas hipóteses apriorísticas.

## V.- BIBLIOGRAFÍA

- ADESSE: *Base de datos de Verbos, Alternancias de Diátesis y Esquemas Sintáctico-Semánticos del Español*. Consultable en <<http://adesse.uvigo.es/>> [Data da consulta: 21/04/2022].
- Cano, R. (1981) *Estructuras sintácticas transitivas en el español actual*, Madrid, Gredos.
- Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades: *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) [4.0]* <<http://corpus.cirp.gal/corga/>> [Data da consulta: 21/04/2022].

- Estévez-Rionegro, N. (2017) *Las construcciones de estilo directo en español. Estudio de corpus* (Tesis doctoral), Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- Fuentes, C. (1998) «Estructuras parentéticas», *Lingüística del español actual*, 20, pp. 138-174.
- Halliday, M. (1985) *An Introduction to Functional Grammar*, London, E. Arnold.
- Minsky, M. (1974) «A Framework for Representing Knowledge», en Winston, P. (ed.) *The Psychology of Computer Vision*, Nueva York, McGraw-Hill, pp. 211-277.
- Rodríguez, M. J. (2001) «Percepción directa e indirecta en español. Diferencias semánticas y formales», *Verba*, 27, pp. 33-85.
- (2005) «Predicaciones secundarias con predicados cognitivos», en Boullón, A. I. (coord.) *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 447-456.
- Partee, B. H. (1973) «The syntax and semantics of quotation», en Anderson, S. + Kiparsky, P. (eds.) *A Festschrift for Morris Halle*, New York, Rinerhart & Winston, pp. 410-418.
- Quirk, R. *et al.* (1972) *A Grammar of Contemporary English*, London, Longman.